V PREMIO

Investigación xurídica en lingua galega

Xosé Luis Franco Grande

Ata o 10 de abril de 2026

Deseño: Área de Imaxe. Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais

Universida de Vigo

Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo

V PREMIO

Investigación xurídica en lingua galega
Xosé Luis Franco Grande

Ata o 10 de abril
de 2026

UniversidadeVigo

IV Premio de investigación xurídica en lingua galega Xosé Luis Franco Grande

A Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, a través da Coordinación de normalización e política lingüística convoca o IV Premio de Investigación xurídica en lingua galega Xosé Luis Franco.

Dentro do marco normativo institucional que protexe a lingua galega través da Constitución do Estado, do Estatuto de Autonomía de Galicia, así como da Lei de Normalización lingüística e dos propios Estatutos da Universidade de Vigo que sinalan que esta é a lingua propia da Universidade, establécense esta acción e este premio co gallo da promoción da lingua galega.

Para o nomeamento deste premio de investigación xurídica en lingua galega, presentáronse á comunidade da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo os nomes de recoñecidos persoeiros vencellados ao dereito e ás letras escollendo por votación popular a Xosé Luis Franco Grande.

Xosé Luis Franco Grande

Naceu en Tebra, Tomiño, o 17 de febreiro de 1936 e morreu o 31 de marzo de 2020 en Vigo. Estudou Filosofía e Letras, e finalmente graduouse en Dereito.

Comezou a exercer a avogacía na Coruña facendo a pasantía con Sebastián Martínez Risco e Macías ata que volveu a Vigo, onde se afincou e exerceu a avogacía, sendo asesor xurídico de Caixa Vigo (Abanca).

Foi Membro da Real Academia Galega da lingua. Colaborou con diferentes medios de comunicación como La Voz de Galicia, La Noche, Ínsua, Grial, etc., e foi membro do consello de Editorial Galaxia.

Destacou como poeta, e publicou numerosos libros de poesía, teatro e ensaio. Debemos destacar: *Brétemas do vieiro* (1955), *Entre o si e o non* (1967), *O tempo á espreita* (1987), *Xoguetes do tempo* (2015), *Libro das abandonadas* (2017), *Os anos escuros* (1985), *A ilusión da esperanza* (1991), *Francisco Fernández del Riego. Galeguista de acción e cultura* (2001).

Publica en Editorial Galaxia en 1968 o Dicionario de galego-castelán, instrumento fundamental para a recuperación da lingua galega, trala prohibición durante o franquismo, e que vendeu máis de cincocentos mil exemplares.

Bases

Participantes

1. Poderá concorrer calquera persoa que estivese matriculada entre os anos 2022-23, 2023-24, e 2024-25 nunha titulación de calquera das universidades do Estado.

Modalidades:
a) Para o estudantado de calquera grao ou mestrado matriculados no sistema universitario de Galicia e do Estado.
b) Para o estudantado da facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, nos graos en Dereito, PCEO ADE-Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos, e nos mestrados en Avogacía, Menores en situación de desprotección e conflito, e Dirección e Xestión Laboral.

2. Non se poderán presentar traballos colectivos, e só se poderá presentar un traballo por persoa.

Requisitos formais

3. Os traballos deberán ser orixinais e estar redactados en lingua galega e poderán tratar de calquera tema do ámbito do xurídico nas súas diferentes formas.

Deberá presentarse en formato pdf e a súa extensión deberá abranguer entre as 20 e 40 páxinas escritas en letra 12 Times New Roman ou similar, interliñado sinxelo, e cos requisitos propios dun traballo de investigación.

Forma de presentación

4. Os traballos deberán presentarse a través do seguinte correo electrónico: decanatoxuridicas@uvigo.gal, e en asunto: Premio de Investigación Xurídica en lingua galega.

O correo electrónico debe constar de dous arquivos, un primeiro co traballo de investigación e outro cos datos persoais.

- **No primeiro arquivo** onde consta o traballo en formato pdf, debe aparecer claramente na portada do traballo o título, o lema ou pseudónimo, así como a modalidade na que se concorre: Modalidade a (estudantado en xeral do sistema universitario) ou Modalidade b (estudantado da facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo).
- **No segundo arquivo,** tamén en formato pdf, debe levar por título o lema ou pseudónimo, e deben aparecer os seguintes datos: nome, apelidos, enderezo electrónico, número de teléfono, Universidade, grao ou mestrado onde estea matriculado.

Chegado o momento, solicitarse a acreditación documental de ser membro da comunidade universitaria, de conformidade cos requisitos de participación destas bases do premio, supeditándose a concesión do premio ao cumprimento dos mesmos.

Prazo de presentación

5. O prazo de presentación dos traballos finalizará o día 10 de abril de 2026.

Dotación

6. Os premios estarán dotados con 500 euros para ambas modalidades e un diploma acreditativo. Para a recepción do premio deberá acudirse ao acto de entrega. A dotación destes premios financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 2025 0040 111L00 48299.-outras bolsas.

Xurado

7. O Xurado do Premio de Investigación xurídica en lingua galega estará integrado polo Decano da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, que o presidirá; polo Coordinador de normalización lingüística da Facultade, que actuará como secretario; e por un máximo de tres membros do persoal da Facultade.

Para a valoración dos traballos o xurado atenderá á calidade investigadora, ao interese do tema a tratar, ao enfoque empregado, e á corrección lingüística do mesmo.

O xurado poderá declarar deserto calquera das modalidades do premio se os traballos presentados non alcanzan a calidade necesaria nos indicadores sinalados anteriormente.

Interpretación das bases

8. O xurado resolverá todas as cuestións que poidan suscitarse sobre a interpretación das presentes bases e a súa decisión será inapelábel.

Resolución do premio

9. O xurado dará a coñecer o fallo do Premio co gallo da celebración do Día das letras galegas ao longo do mes de maio de 2025, e coa debida publicidade. A entrega realizarase nalgún dos actos académicos da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

Cláusula de exclusión

10. A presente convocatoria está excluída da aplicación da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, conforme ao establecido no seu artigo 4.1 a).

As bases

11. A participación no premio implica a aceptación das presentes bases.

Gañadores das edicións anteriores

Por orde cronolóxica: Claudia Galego Sisto, Saúl Gómez Argibay, Erín Míllara Carbajales, Andrea Díaz Villares, Andrea Rey Castro, Ana María Aído Vázquez, Xurxo Rodríguez Olveira, Candela Fernández Pascual, Diego Suárez Espasandín, Raquel Crespo Castro, Lucía Díez Cameselle, Rosalía Suárez Sánchez, María Otero Canabal, Carme Vales Rey, Ángela Castelo Castro.